

# A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.  
Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.  
América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 91

A CRUÑA 5 DE JUNTO DE 1919

## A DERRADEIRA FARSADA ELEUTORAL

### GALICIA SEGUIRA SENDO COLONIA DO CENTRALISMO

As profecias cumpríronse. Galicia, a nosa querida patria, ficará outra vez sin representación algunha de seu nas Cortes. Galicia, coma de cote, non terá quen leve a sua voz no Palramento. Os cuneiros que usurpan as actas da nosa Terra, agora o mesmo que denantes, o mesmo que sempre dend'a Restaurazón, postos ó servico dos amos, os grandes oligarcas pol-os que teñen a falsa investidura, deixarán no maor abandono e no maor esquecemento os intereses xeneraes da Patria.

Galicia eisi seguirá sendo a cincenta da Hespaña. Seguirá sendo a tristeira e desgraciada colonia do centralismo. A vergoñosa fautoria d'escravos espirituás. A terra irta moralmente na que a vontá cidadana non pese, pouco nin moito, nas decisións dos gobernantes.

Foron as derradeiras eleicións a noxenta farsada que anunciámol-os nazonalistas e que condenamos xa *a priori* no manifesto que conecen os nosos amigos e irmáns.

Agora poderán decatarse todos da razón que tivemos para absternos d'irmos a loita electoral. Agora poderán decatarse tamén hastra os mais cegos de que o mesmo os mauristas, que os bugallistas, dartistas, garciprietistas e gassetistas, son enemigos das aspiracións galegas. O único que ficou puro e sin lixos na nosa Terra, dempois da farsada eleitoral, foi o partido nazonalista que dou mostrás d'unha disciplina e d'un amore a causa dino de se amosstrar con fondo orgulo.

\*\*\*

Temos que facer agora unhas cantas observacións que veñen eiquí moi axeitadas.

Primeiramente debemos dicire que os nazonalistas galegos somos alleos por complotado ó estrano encasillado que coma cousa da Lliga Rexonalista de Barcelona apareceu nos xornás. Tan alleos, que d'él protestamos en cartas particulares dirixidas a quen coidamos comenente.

Os nosos amigos, Sres. Banet Fontenla, Losada Diéguez, Vázquez Enríquez e Xesus Culebras, inda que apareceron no encasillado da Lliga, nada tiveron que ver con ela, pois dend'o primeiro momento, logo d'unhas xestións preliminares, acordaron, axeitándose ó criterio da Xunta Suprema das Irmandades, absterse da loita. E sin embargo a Lliga meteu aqueles nomes prestixiosos na sua fornada chocante de candidatos. Sin razón e sin dereito.

Nós temos un punto de concomitancia c'os rexionalistas catalás: o da ideia autonómica. Com'o temos c'os vascos. Mais fora d'iso, nada. Porque o nazonalismo galego é democrático i-esquerdista no senso social. E non afínca en ningún xénero de plutocracia. ¿Está craro?

Pol-o demais, inda que o partido nazonalista galego abstívose de loitare, aconsellou ós seus afiliados que apoiaran onde poidesen a aqueles candidatos que contribuirán a esnaquizar as vellas e noxentas orgaizaciós caciquís.

Eisi Losada Diéguez, Risco e outros irmáns d'Ourense axudaron notabemente ó Sr. Calvo Sotelo a derrubar o feudo de Bugallal no Carballino.

Eisi, Culebras e Vázquez Enríquez, axudaron á Xuventú de defensa de Villagarcía contra do Sr. Seoane, monaguillo de Besada.

Eisi os mesmos amigos axudaron a Mella en Compostela contra do cuneiro garcipretista.

E outros amigos nosos axudaron a Amado Garra, republicano agrario, en Redondela e a D. Rodrigo Sanz en Pontedeume.

\*\*\*

Estas eleicións, con todo, viñeron a demostrar unha cousa: que os vellos argadelos caciquís da nosa Terra, ameazan ruína.

García Prieto non poido poñer o seu xenro por Santiago e puxo a Cotarelo, que saíu derrotado na capital.

Perden en Muros unha acta: a do alri-

tante cuneiro Posada. E estivo a punto de perder a do Ferrol tamén.

O idoneismo poido decatarse unha vez mais de que o distrito de Pontedeume periga.

O gassetismo tivo que chorar con bágoas que deberan ser de cocodrilo, a perda do feudo d'Arzua, onde amigos nosos moi queridos, axudaron feramente a derrotar ó Sr. Sanxurxo.

N'Ourense, tamén os do turno tiveron un fracaso ruidoso co'a derrota do Sr. Pérez. E o riestrismo en Redondela tremou de medo.

A provincia de Lugo foi, como de cote, a única de Galicia, onde a cidadanía estivo morta. ¡Qué disgraciada provincial!

\*\*\*

Contra de quen temos que protestare é contra do Sr. Xil Casares (D. Felipe) que traicionou d'un xeito noxento ós valentes cidadans da Xunta de Defensa de Villagarcía. Logo que fixeron propaganda aitiva en pro d'el (na que él tamén tivera parte) aqueles queridos amigos nosos, pautou c'o riestrismo e o besadismo, retirándose da loita, ¡Para que haxa quen se fie dos que amostran concomitanzas co'a vella política!

Pesi-a ista defeución a Xuventú de Defensa de Vilagarcía fixo abril-ós colexos eleitoraes.

\*\*\*

¿Qué nos di todo isto? Que a xente, inda que de xeito lento e paseniño, vai despertando e que axiña chegara a data xurdia da redenzón da Terra asovallada.

## Prosas galeguistas

*Conta Turpino Arcbispo de Reims, compañeiro de Carlomagno nos grandes feitos que ll'acaeceron en Hespaña, que na pelexa qu'houbu o emperador con Argulando Rei dos Moures "chegáronse huna peça de cristianos que giçaron suas armas con que havián de lidar, et chantaron os contos das lanças ante as tendas que estaban en huns prados eu na ribeira do rio, et en outro dia acharonnas con tona e con moy fremosas follas, e aqueles eran os que en aquela lide*

avian de receber coroa de martheyro por la creença de Nostro Señor; et eles quando esto viron maravillaronse moyto de tan fremoso miragre, et cortaron as lanças por apar do taureo; et das rayzes que ficaron naceron pertegas que se fezeron moy grandes arvores que ainda oje estan en aquel lugar et som moytas d'elas freixos; maravillosa cousa era esta, e de gran pracer, que por la morte que avian de aver os corpos, avian de aver as almas vida perdura-vele.

Y-eu dígovos que do mesmo xeito qu'aqueles valentes cristianos fincaron as lanzas na terra, así nós debemos fincar na terra as nosas almas, e canto mais fincadalas teñamos na terra nosa, mais elas han frolecer, e cubriranse de follas e de froitos, e faranse coma grandes arbores que serán admirados por tempos e tempos.

Mais os que reneguen da sua terra, os que desarraiguen d'ela as suas almas, eses endexamais as han ver frolecidas, nin abranguerán a coroa da gloria, nin a sua sora terá vida perdurábele.

Este é o eixemplo que nos puxo Turpino, Arcebispo de Reims, compañeiro de Carlo-magno nos grandes feitos que l'acaeceron en Hespaña.

VICENTE RISCO.

## BESADA

R. I. P.

Morreu Besada. ¡Xa morreu, irmáns! ¡É morto xa, galegos! A Patria está d'embora. Tivo Besada a sorte de morrer no seu leito, preto dos seus, no silencio agarimoso da noite, no niño do fogare. Morreu com'un xusto y-é posibre que Deus lle perdoase n'outro mundo e que l'abran as portas do ceo. Mais ¡morreu, irmáns galegos! Y-eso é o grandioso. Non choredes porque morrer no seu leito; non sintades que finara no niño agaruxeiro do fogare. Perdoádelle a Deus qu'ó perdoase. O feito fatal, indestrutible, que xa non ten remedio é que Besada morreu.

¿Encomenzará, agora, a vivir a Patria nosa?

\*\*

Morreu. Foi él quen morreu. Morreu o lóstrego e o lume. Xa non é. Xa non é a sua vountade. ¡Xemide, labercos que viviades a sua sombra! O manzanillo é morto. As campás da ledicia teñen de cantare unha sonata de fogo. Choutarán as ánimas dos bós e xenerosos. Eu coido qu'ó sol alumearános d'outra xeito.

¿Encomenzará, agora, a vivir a Patria nosa?

\*\*

Morreu. Do fin dos séculos ergueránse as ánimas brancas dos qu'amaron tenramente a Terra. ¿Xurdirá o xurfo, agora? ¿Viviremos a nosa vida? ¿Sentirémonos? Xa non é o pantasma mouro, o miñato d'áas medoñentas. Hal en nos un azo de nova vida.

¿Encomenzará, agora, a vivir a Patria nosa?

MAURO DE LECIN.

## LOIS PEÑA NOVO

Incansable. Cal novo evanxellista dunha gran rellxión, que acó na Terra predica con sabencia a rellxión de Dlos.

Recorres, pobo a pobo, a terra toda, a terra agarimosa da Razón, loitando frente a frente com'os bravos e levando por armas a Razón.

A miña y-alma saúdate de lonxe, apóstol d'esa Pátrea esnaquizada:

Que si naceras no tempo en que Dióxenes en alcontrar a un home se adicaba, de'xaría ante ti súa linterna por haber alcontrado o que buscaba.

IGNACIO RODRIGUEZ.

## Replicando a trabucadas afirmazóns FIXANDO AITITUDES

N-un artigo seu, dos moitos que no xornal A B C publica, deca o esquirtor Ortega Munilla que "en toda a campaña nazionalista hal mais xenreira que convencimento, mais ira que razón, mais envexa da gloria allea qu'esperanza do provelto propio.. A istas contradicorias manifestazóns d'un home de soa e prestixio, cal o señor Ortega Uavilla, temos d'oponere nós as seguintes:

Sendo España o único país qu'aínda non fixo a patriótica liquidazón que corresponde ós seus desastres coloniales, e nos qu'están incursos a inmensa maioría dos homes públicos qu'intentan opórse ás realidades rexionales, as suas opinións, os seus xestos e as suas aitudes merecen o mesmo creto qu'ó avaro que defende a lei da usura con miras ó salvamento d'unhos valores repulsados pol-as concenzas honradas.

Sendo España o único e desventurado país que fol rolando hastra a mais inconcebible decadencia sin que ningún dos seus políticos fracasados (léase responsabres) fose levado a barra nin teña sofrido a mais lixeira penalidade, en xeito algún pode sere tomada en serio a aitude de cantos se salen de nal berrando ¡Viva España!, por estare visto qu'ó tal berro inconduniblemente donado pol os que con él pertenden facere pasar de contrabando, non a España integrada pol-as rexións vigorosas, sinón a da eterna, vergofiosa e vergofiante francachela, a do caciquismo aldraxante, a da burocracia ferozmente centralista, a dos políticos que teñen por desideratum das suas aspirazóns o degradante das diputazóns e senadurías hereditarias e o acaparamento dos destinos mais nutridos, etc.; non val a pena seguir, porque—e d'elo estamos ben seguros—os lectores saben de corrido a lista do que nós por vergofia calamos; isa mal chamada España está incapacitada pra deixare ouvir a sua voz nos instantes supremos a que vimos asistindo, despois da cruenta guerra na que o sangue derramado esixe normas que garanticen, pra sempre, os dereitos de todol-os homes e dos organismos naturais e necesarios ou comenentes pr'ó verdadeiro progreso da humanidade; isa España, insistimos, non debe sere ouvida por tere sido a causante do noso atraso e a qu'está pendente do enxuzamento a que, inesorablemente, debe sere sometida pra exemplo d'ista e das sucesivas xenerazóns.

Canto mais se aprace a sanzón, mais e mais

medrará o intrés da opinión sana hacla o xusto castigo dos delincuentes, os cales, por molto alquello que metan e por grandes que sexan os berros de ¡Viva España!, non fuxirán ¡al non!, de sere ouxeto das responsabilidades contraídas diante da verdadeira patria española.

Ista sigue sendo desgobernada pol-os mesmos homes culpabres da tristísima situazón en que atualmente nos atopamos, e cando os troques da ideoloxía universal son tan fondos, eiquí sálennos o paso coá ficción de que pertenden impor as invasións de todol-os arlequins... España, pese a todol-os seus salvadores de guardarropía, aínda pagando rellxiosamente os seus trabucos, según se oíla e se ouserva, carece do mais indispensavel pra poder parangonarse no que se refire ó insilio, a xustiza, a hixiene, o brazo armado, a cidadanía, as comunicazóns, etc., etc., existentes nos países onde o diñeiro gástase sin o sistema das filtrazóns, eiquí tan correntes e tan disimuladas pollos que'agora esgrimen a pruma en defensa das antigas concupiscenzas.

Todos cantos no Palramento s'erguen airdos contra o rexurdir das rexións (e non é nin repersenta outra cousa o nazionalismo), son os causantes do acorador caciquismo de que España enteira s'hacha infiltrada, e ós que ningún que sinta un verdadeiro patriotismo pode en modo algún defendere.

Non hal xenreira contra o idioma castelán; mais, por molto que sexa o seu prestixio, por grande que sexa o seu espallamento, enxeremos que tales cualidades non poden levarnos a negal-o auga e o fogo ós outros tres idiomas que teñen como aquél a sua carta de natureza no territorio da Monarquía.

¿Quixo Deus qu'os Reises Católicos donasen un decreto no senso de craber a coesistencia dos idiomas patrios? Non podemos creer que haxa quen seriamente pertenda demostralo que Deus mesmo non quixo.

O certo, o real, o evidente é que, pese a todol-os decretos, na península que nos tocóu en sorte, coesisten co castelán os outros idiomas... e que tal coesistencia demostra, iso si, a insensatez de arrenegar d'unhá boa e importantísima parte da nosa riqueza filolóxica.

Non hal mais que lembrar o que, a iste propósito, advirte o sñore Ribalta na sua obra "La afirmación regionalista", pra convir que "pertender que todol-os habitantes de España empreguen un solo idioma, sendo cada un a fisonomía moral do pobo qu'ó emprega, e toleadura comparabre a de pertendere que todol-os españoles teñan igual a fisonomía.

Ningún co cultivo dos demais idiomas propónse ire contra o castelán, e sendo iso certo non hal pra que facer afirmazóns do xeito siguiente: "para que todos eses propósitos de disminuir y anular el idioma castellano resulten ridiculos."

Endexamais, como n-ista ocasión, puido decírese con mais propiedade aquilo de "arroxal-faciana importa, qu'ó espello non hal porqué."

"No se pode prescindir de qu'ó froito do vivir de xenerazón a xenerazón, deca o esquirtor Azorín n-un artigo seu titulado "El despedamiento de España". Pra, ¿é que no noso país se tivo iso en conta dende os derradeiros días da Edade Meia?

A monarquía austríaca, co seu ausolutismo militar, matou as libertades municipais, anulando por comreto todo canto repersentaba propulsións en senso ideal e mutilando as verdadeiras tradicións rexionales.

E anque nos tempos modernos iniciáronse constantes reformas municipais, ningún pode dudar que non se puido estabrecere unha administración co mínimo de garantías.

Si pra formar ideas crara do espírito dos pobos, e mester facer nos seus mais remotos orixens, por aquilo de qu'a xénese das cousas leva envolta a razón d'istas, está visto qu'a nada mais qu'a facer labor antirrexional conduce a sistemática esposición de recelos e dificultades que por onde queiran s'estabrecen.

Qu'a lingua e o mellor e mais axeltado meo d'acaroarse ô berce e ás verdadeiras fontes económico-soclaes dos pobos, cabe dubidalo? E si é elsi, ¿a qué veñen as protestas contra os idiomas rexionaes?

A revoluzón francesa da que en senso unitario e centralista fálase pra condenar o actual movemento nazonallista español, amostro, perclisamente, todo o contrario do que quere demostrarse. Nes suas entranas levaba por tales condizóns, a morte das suas concepcións. Pra que non se donen fracasos d'ise orden, e mester cimentar sobor d'ideas eminentemente colectivos, os cales, gardados con agarimo, respecto e amor, serán os mellors puntales pra sosle-as tradizóns e o progreso dos pobos.

Si é mester ollar ô ceo pra camiñar seguro e firme pol-a terra, todo o que sexa falar de revoluzón francesa pra xustificare que cõ seu vicio d'orixen e sanguifentas demasias produxo consecuencias contrarias a tiranía e o obscurantismo, será perdel-o tempo en disquisizóns cõ pretamente inútiles.

E mol comente donarse conta de qu'es-amos en instantes decisivos pra vida dos

pobos e de que todol-os artificiosos valores políticos e soclaes que caracterizaban ô século derradelro, están na mais xusta e sbraiante barcarrota. A verdade e a realidade impõñense, e as funestísimas declamazóns qu'engañaron ôs nosos denantepasados, xa non teñen hoxe valor algún. O verbalismo dos diputados centralistas é planta maldita que non poderá resistire os ventos contra e'a dirixidos pol-o nazonallismo puxante e arrolador.

Afortunadamente, os derradelros crepúsculos das antigas e vagas fórmulas políticas van xa esvaíndose e os postrelros repersentantes do que irremisiblemente se despide, están agotando os derradelros resortes do seu apodrecido sistema.

Amacee un novo di', e cada español, hastra hoxe indifrente a autuazón dos mercaderes da Patria, ollará faciana a faciana, cõ valor que donan os ensafiamentos do enemlgo dos seus destlno, a cantos agarden a sanzóns dos seus crimens, por estar visto qu'es sucesos de Nebra, Osera, Noya e Sofán, non abundan pra qu'os bárbaros ollgarcas se donen por avlados.

"Mal conece a yalma española quen xúzgue qu'ista tén de crebase en miolts anacos ó esnaquizal-a hidra do centralismo e recobral-as rexións a sua persoalidade,, diremos con un dos protagonistas de "La escuela de los sofistas,,

F. VÁZQUEZ ENRÍQUEZ.

## POLA MÚSICA GALEGA

### En defensa dos nosos músicos

Cando chegou ás miñas máns o número noventa d'A NOSA TERRA leía no libríño de Preceptiva Musical de Juan José Be-laustegui, é nel vin citados coma modelos dos diversos xéneros de composición, algunhas obras de Adalid, Montes, Veiga... músicos gallegos d'os que se dí n'un artigo publicado n'aquel boletín, que non profundizaron n'a ciencia d'armonía e no contrapunto, sin merecer o nome de compositores, anque se lles teña en conta—gracias señor elefante—o moito que houberon feito, si souperan algo mais...

Coido eu que para facer tales afirmacións, é preciso saber algo mais que discretear n'ô violín, e conecere de vista aos clásicos, e non abonda saber erguerse sobre das viqueiras d'os pés, estendere os brazos é arrolar tímicamente o corpo ao dirixir.

Para empoleirarse no trébede é definir ex-cátedra fai falla pol-o menos, levar na man batuta propia, e non escribire con pluma allea, é ter xeito no falar, que así como non se pode minir sin axuda d'unha boa memoria, non se pode ser audaz sin acorazar cunha regular cultura.

JOSE BALDOMIR.  
Coidamos preciso, facer costare que A

NOSA TERRA non se fai solidaria dos xuízos e das verbas apaixonadas que, uns e outros, tódol-os amigos nosos, deiten n'istas columnas orredor do pleito interesantismo da música galega. Nós perferimos ás mais, as palestras serenas e obxetivas onde o persoal fique a unha beira. Publicamos oxe o remitido do mestre Baldomir por ser de quen é. O mestre Baldomir, inda que non fose un notabre compositor, tería dereito a nosa considerazón, porque dend'a fundación das «Irmandades» estivo sempre conosco. Mais o mestre Baldomir conta, por outros motivos, co'a nosa simpatía e a nosa admiración. El é o único repersentante que fica d'aquela elite de precursores, diños de eterna gabanza na nosa historia contemporánea, que levaron as valoraciós líricas da terra mais aló das fronteiras da patria nativa. El, coma Montes, coma Adalid, coma Chané, soubo honrar o idioma galego pón dolle áas musicas co'as que voou tan outo que as fronteiras foron tan pequenas cal os sinxelos valados para os xilgaros da campía. Baldomir, pois, terá de ser de cote un compositor repersentativo na historia da nosa música inda nascente.

Para o xoven mestre Doncel, bon amigo, tamén temos o noso corazón aberto, inda

non acetando os seus xuízos absolutos ós que poñemos xa un comentario no número pasado d'este boletín.

Cómprenos emporiso decir oxe, que, si en Galicia non hai orquesta que queira estrenar cousas galegas, fora de Galicia haberayas que moi axiña consagrarán atención á nosa música.

E tamén oxe queremos facerlle unha perguntiña o prestixioso musicólogo ferrolán, Sr. Arana: ¿Vosté que lle chamou ó mestre Montes o Grieg galego de que xeito se proclama n'esta custión plantexada agora?

E, finalmente, hai que afirmare, que, namentras os músicos executantes galegos non se decidan a interpretar música galega, non poderán xurdir bos compositores. De maneira que haberá ou non música galega, según que os músicos executantes a acollan con agarimo ou deixen d'acolle-la, ¿Quén facería obras de teatro, sabendo que ninguén llas repersentaría? ¿Quén ha compoñer música para orquesta si sabe que ningunha orquesta lla interpretará?

O interesante pleito, fica, pois, sobre do tapete outra vez.

### Gabanza para "Cántigas da Terra"

Nosos amigos de Celanova e Ourense nos escriben pregándonos enfiemos unha gabanza chea d'agarimo para o notabre coro enxebre cruñés «Cántigas da Terra» que fixo unha obra moi patriótica i-exemprar ofrendándolle unha lápida artística a Curros no seu pobo natal e unha cotoa de froles a Lamas Carballal con motivo do viaxe da coleitividade nomeada á vila das marzas, nas derradeiras festas ali celebradas.

Coma xa nos xornás se ten falado longamente dos ditos homenaxes, nós apenas saberíamos que dicir agora. Porque a misión principal d'este boletín é falar d'aquelas cousas que os xornás non publican uo combaten.

Pol-o mais, xa os nosos amigos de «Cántigas da Terra» saben moi ben que estimámol-a sua notabre labor canto ela merece.

De moitos xeitos faise patria, e non deixa de ser de gran importancia o de recoller e dar a conecer con arte e agarimo as cancións do pobo que amostan a nosa riqueza folk-lórica da que mañán sairá o gran compositor musical da Raza.

A nosa afinidade espritoal con «Cántigas da Terra» e os mais coros da patria, é grande pol-o mesmo.

## OPTIMISMO ENXEBRE

## Do noso xenial artista

*Coido que o día que Galicia se fitase ceibe dos manexos da política centralista, xurdiría unha cultura verdadeiramente galega que conqueriría universalidade.*

*Coido que o día que xurdise en Galicia unha cultura filla da Terra, por non arruflar os ritmos suxeridos pol-os paisaxes nativos con traducións en verbas alleas, fuxirían d'eiquí os ananuxos da política centralista.*

*Fixemos ben o non irmos ás eleccións, pois indo, as xentes poderían ollarnos lixados da cobiza do mando. ¡Foi tan noxenta sempre a política! Non debemos esquecer que na Hespaña non hai homes que de boa te se deixen engaiolar por ningún ideal político. Compre que as xentes non vexan a política no noso ideal, inda que, dende logo, o noso ideal é político.*

*Lémbrome do que me dixo un vello petrucio certa noite que lle pedin o seu voto:—Mire, Daniel, se atopa por ahí adiante un anarquista, eu aínda daba vinte pesos; mais me non pida o voto, ¡rógollo pol-a l-alma dos seus difuntiños!*

*A galeguización das cidades como maneira de faguer xurdir unha cultura galega, parécese traballo doado e facedeiro. O movemento galeguista medra xeométricamente: dous que fan catro, catro que fan oito... total seis, ou sete, ou oito anos... ¿Qué os vellos non entran? Os vellos morren axiña; se habíamos tardar oito anos, tardaremos dez.*

*O non irmos agora as eleccións deixounos llmpíños coma coraes e hastra pode convir ó movemento galeguista.*

*E cando o galeguismo truufe nas cidades, ¡eu teño mentes de non morrer sin vel-ol, xa verán coma temos diputados nosos.*

ALFONSO R. CASTELAO.

## Nazonalismo romántico e nazonalismo militante

Hai un fato de galegos que ó parecer, están conformes en todos ou en casi todol-os puntos do manifesto da asambrela de Lugo; que sinten un sincero amor por Galicia e, ó mesmo tempo, son incapaces de faguer nada pró conqwerimento d'aquel ideal que din sentir. Estos son ós q'eu lle chamo nazonalistas románticos.

Todos están d'acordo en qua'eiquí é onde está o foco principal d'ese verme que lle chaman "cacique", e que tantos anos fal xa invadiu total-as nosas orgalzações políticas y-económicas desbaratándoas compretamente, e non conforme aliada con esto, meteuse tamén, coás peores intencións, nos recintos máis sagrados: o fogar y-as concenzas cívicas.

Solo impóndose con argucias de reutil e pol-a forza que arbitrariamente lles dá ese noxento poder centralista que pon ó seu servico, coma instrumento das suas venganzas e apetitos desordeados, ós que teñen a obriga de seren xustos e bons, polderon conqwerir o atrofiamento das concenzas y-o medo superticioso que aínda lles teñen os nosos labregos.

Reconocen aqueles a quen pírmeframente a'ludimos, que o pobo galego está asoballado e debilitado pol-os servidores d-un sistema político que, pra sosterse, precisa roubarlle todol-os privilexos; explotando de cote e d'unha maneira noxenta as nosas fontes de riqueza; chegando até, como pasa coá gandería, a deixarnos sin o máis preciso pra vida, mentras outros pobos se manteñen a nosa conta.

Reconocen tamen que o úneco remedio pra acabar con tanta explotación está en que nos xuntemos todol-os bos galegos y-exlamos se nos deixe en compresa liberdade pra gobernar os nosos intreses; mais nada fan pra que isto se troque en realidade; contentándose con ollar o mal e conecel-o remedio.

Non chega isto. E preciso darlle forma real a ise amor romántico que sinten pol-a nosa terra; pois mentras se contentan con desexar que se creben as cadeas que nos escravizan, os caciques traballan de cote pra as faguer máis fortes.

Todos temol-a obriga de traballar pol-o ben da nosa terra, porque é o ben noso; non tendo direitó a nomearse galegos, aqueles que por parte do mala fé non combaten ós enemigos do noso pobo.

Imltemos o exemplo d'ises rapaces entusiasmados que, cheos d'arelas de redenzón, van de pobo en pobo espallando as ideas renovadoras, sin importarlle as molestas nin as ameazas de ningún; milltemos con eles baixo da mesma bandeira, qu' é a da liberdade de Galicia, e veredes como traballando todos con fe y-entusiasmo, trocaranse axiña en realidade os nosos ideaes.

J. SARMIENTO

## Un consello do poeta da Raza

Temos que dar a impresión de que os nazonalistas galegos movémonos no ar lumoso.

Fixemos ben en non lolfar para non dar xeito de legalidade ó que foi unha innobre farsa, vista xa dende que Maura guindando con todo o seu prestíxio persoal, fagula causa común c'os asoballadores da Galicia, c'os Bugallal e Besada, dos que dixera, denantes, que estaba arredado por oufos sentimentos de moralidade.

Eu esquirbin a un sinificado político maurista e díxenlle que si Maura fransixía con Besada e Bugallal, o galeguismo faríase "carbonario".

E, honradamente, penso que debemos faguelo!

¡Viva a formiga brancal! Terra a nosal

R. CABANILLAS.

## PEQUENAS CONSIDERAZONS

### Importanza da lingua

Son moitos os galegos que sosteñen, compretamente en serio, qu'a custión do idioma é unha custión segundaria cando non d'efeutos regresivos. Coidan os que tal din que todo o que sexa mermarlle extensión ó castelán e pernicioso e perxudicial; que todo o que non sexa esquecel-a nosa lingua, repudiala, mata-la, é antipatriótico e, pol-o mesmo, vituperable e meresciente de forte anatema. Mais, en troques, coidan qu'a renovazón e o rexurdimento de Galicia, á qu'eles din quereren tanto, solo poderán sere fautibres canto máis teña avanzado n-ela a castelanización, qu'isto e non outra cousa é o troque do idioma propio pol-o alleo. Pra tales xentes o desexo de sere nó mesmos, a nobre arela d'afirmare resoltamente e cada vez con máis forza a propia persoalidade—qu' é o qu'en tan outo grado e de xeito tan principal sinifica o cultivo do idioma—é algo que debe abandoarese si se quer que Galicia se non deteña no camiño que leva ó progreso e a un maior benestar de índole xeneral.

Quenes eisí pensin indubidablemente que ou son cegos por comenza ou sofren a cegueira qu'unha mentalidade outusa e chela de somas lles impón. Sin saíre da Península: o enxemplo de Cataluña e o caso de Vasconia, os dous países máis alonxados, espiritualmente de Castela, as duas terras ibéricas onde a castelanización xa pode decirse que ficou desbotada, fan ben craro da importancia que pra un país ten o cultivo intenso da propia espiritualidade—cultivo no que figura en pírmelo e trascendental termo o emprego intransigente da lingua propia—con escrusión de toda mesturanza allea que sempre desvirtúa e perturba. Solo n-isas condicións—e ollemos pra os dous países citados—xurde o verdadeiro patriotismo, aquel patriotismo tan sincero que, por referirse escrusivamente a única patria, fal qu'a ela converxan todol-os esforzos e os traballos todos dos seu fillos. Non espallándose, cal agora socede, por outras terras as que, pol-a falla do verdadeiro sentimento patriótico que solo o nazonalismo é capaz de donar, se considera tan da patria como as que única y escrusivamente constitúen a Patria dos verdadeiros patriotas, aquela que ten un idioma propio como expresión material da sua espiritualidade.

A falla do forte nexo espiritual qu'a lingua é, o seu desbotamento como fautor atelgado d'esencialidade, a negazón do seu valor e da sua importancia transcendentales n-unha autuazón reivindicadora e d'erguemento d'unha patria—enxérgase isto no senso ample e total con que nós, os nazonalistas, empregamos a frase *erguemento d'unha patria*—ten de levare forzosamente, ineludiblemente, en todol-os casos, ó fracaso comreto, ausoluto de todol-os propósitos e de total-as campañas por fortes e sans que sexan. Lémbrense, sinón, os rotundos e decisivos fracasos de campañas políticas mol soadas que na Galicia se fixeron non fal moitos anos. Fallando aquilo que constitúe o máis forte, cisais o único lazo de xuntanza e d'estreitamento entre os cívicos d'unha nazonalidade, natural é que o menor contratepo leve consigo a desunión e a desfeita. Mais, cando o fautor esencial autúa, cando os cívicos d'unha patria se sinten confundidos, ou aínda mellor, irmanados pol-o lazo estreito e cal ningún axuntador da lingua, solo as diferenzas ideolóxicas, ou as circunstancias disparidades de criterio poderán man-

ter a aqueles cidadáns encontrados, desunidos.

E isto durará tan solo o tempo que tarde en surxir a custión mais pequena, o mais castivero problema razonado coa liberdade da patria, e co distroite dos seus sagros e inalienables dereitos. Mais surxe o problema ou a custión y-estonces ¡ahl estonces os que se achaban separados xúntanse, os qu'estaban enfrontados estréltanse, e onde denantes había individuos inconfundibles e colectividades que se non podían xuntare, solo se atopará unha masa compacta, atelgada de forteza e de puxanza, que cal si d'uaña sola individualidade se trata, non terá mais pensamento nin mais ideal que un. Aquela masa está axexante pra responder o chamamento da patria.

O sentimento que orixinou a xuntanza dos que se achaban desunidos foi o sentimento patrio latexante a cotío na lingua propia. E a lingua foi o fautor trascendentalísimo que, mantendo de cote acceso aquel íntimo convencimento de verdadeira Irmandade entre unhos homes resellados pol-a marca indelebre do idioma, donoulles a firme convicción de que, fora d'eles, dos resellados pol-a lingua común, ficaba algo que xa non pertencía á gran familia integradora da nacionalidade posta en

pe. Algo que, por non ser propio, indubidablemente era estrano e alleo, doado pra ser fitado coá desconfianza e o recefo qu'a prudenza e o mais elemental instinto de conservación aconsellan. De ahl que, frente á asoballamento ou á aldraxe causado xa, ou aínda en xestazón, solo aparezan membros da gran familia qu'o verbo fixo inconfundible, sin outros aditamentos nin outros recursos mais ou menos artificiaes.

Comprobazón total do afirmado é Cataluña, a sua vida política, os seus homes. Rexamente combátense sin perdoaren melos nin ocasión de facelo; mais surxe a custión mais insignificante que a Cataluña—patria—se refira, y-estonces tódol-os catalans son unhos e por riba das diferenzas mais ou menos fondas qu'entre eles haxa, a catalandade maníféstase viva e latexante, como algo que se hacha por riba de todo e o que todos rinden acatamento e donazón d'incondizionalidade. O segredo d'isto e ben sabido por todos.

O idioma, velaf a sinxela crave qu'esprica o misterio de tantas e tan abraiantes cousas. ¡Ouh lembranza latexante da Polonia esnaquizada y-endexamais morta por obra e gracia da sua lingua sempre viva.

C. ESPASENDE

## CARTAS DA ALDEA

### III

*Meus amiguíños que tedes a paciencia de lérme; hoxe non estóu prá lerias.*

*Pasóu unha semana que foi moi ocupada pra min. Tiven a ocupación de non facer nada; ese traballo de ir e vir, falar e andar, facer e desfacer e traxinar sin acougo, nunha rebumbiada trafegueira da que non fica nada mais que unha preguiza asoballante e un desánimo fondo e cuaseque invencible.*

*Coidaredes que andiven metido na lameira eleitoral dos nosos rueiros; non, por esta vez, como vos decía na miña anteriore, houbo paz no meu distrito.*

*E quizais por esta tranquilidade abafante adiqueime a adivirtirme correndo, nas costas do meu sofrido cabaliño, pol-as corredoiras e pol-os montes.*

*Xantéi en reitorales grandes e destarteladas, dormín en mesóns de estradas arruinadas, converséi con labregos mansos e con caciques vivos.*

*Estes c'o artículo vintenove na casa, aqueles co-a sorriso indiferente nos beizos, eu c'unha fonda impacencia na alma.*

*Onto recollínme na miña casa e lin os xornás que me aguardaban uoi encartadiños dentro das suas faixas. Por eles soupen algunhas cousas do mundo e moita cousas da terra.*

*Aquí sigue a lagóia morta e podre sin que o movimento da loita estéril remexa as entranas do pobo que espera.*

*Todo quedará o mesmo a non sere que no fondo da lagóia comence a erguerse unha arela de sol e de vida.*

*A estas horas sabedes todos os resultados das eleccións; eu non sei nada ainda, e teño medo a sabelo.*

*Así n-esta ñoranza en que vivo e n-este estado de preguiza mental en que me atopo éme imposible decirvos algo que valla a pena. Y elo non ten medio. Saídes ganando.*

*Perdoame, n-oustante, que diga dúas cousas. Logo arremato.*

*Días pasados pasóu por riba dos nosos montes un hidroavión. Os meus veciños chamáronme prá que o vise. Querían que eu lles espricase o milagro. Tiñan medo de que nel viñese un candidato arriscado disposto a desfacer o arrego dos nosos caciques. Eu calmeinos decíndolles que o noso diputado xa estaba proclamado pol-o artículo vintenove, que os voadores iban moi oitos e que por aquí inda non sabemos erguernos a tanta ontura. Quedaron convencidos.*

*A outra cousa de que quero falar é da nova que publica A NOSA TERRA de que dendes do número próisimo tragerá Cartas da vila do irmán Antón Villar Ponte.*

*Dígovos que teño medo de estoupar na espera da primeira carta. Tanto é o meu desexo.*

*Na vila hai moito que ver e moito de que latricar. Antón é un mestre do bon decír.*

*Eu son un devoto d'él, con que figurádevos con que pracer leréino n-estas seráns mornos, sentado no meu balcón, e nas longas noites de inverno a carón da lareira*

GONZALO LÓPEZ ABENTE.

Mugía, 3-VI-1919.

### A-TRADICIONAL FESTA D'ELVIÑA

## O aniversario da fundazón das Irmandades

O próisimo domingo, 8, terá lugar en Elviña a xa tradicional romaxe con que os irmáns da Fala lembran a fundazón da sua patriótica coleitividá.

Iste ano, en troques de facerse a festa no pinal, faceráse no souto que hai un pouco mais en baixo.

E millor sitio para merendas e bailes. Ten mais cómodo acceso e conta con auga potabre eiscelente.

Agora tamén pódese ire mais doadamente até ali, porque está romatada á carretera.

Os coches chegan xa até o mesmo souto que é un recuncho fermoso e sombrizo.

Son moitas as familias d'irmáns que acodirán á festa. Festa enxebre e patriótica que inaugurou o gran poeta Ramón Cabanillas.

### A VERDÁ TERRIBRE

[rema!  
O anamorado.—¡Hala! ¡hala! barqueiro. ¡Rema!  
que a orela á vista istá,  
y'acaron da muller a quen adouro  
teño presa en chegar.

[des.  
O barqueiro.—Tamén eu quixen coma vos quere-  
a unha muller sangal.  
Tamén eu tiven coma vos agora  
moita presa en chegar,  
y'onde amores, dozura y'aloumiño  
debera d'atopar,  
Atopei fondas penas, ulvidanzas  
e friaxe nada mais.

[calma  
O anamorado.—Non te apures, barqueiro; calma;  
o teu fero remar  
non teñas presa por chegar a orela,  
que a tempo chegarás.

[reos.  
A dúbida é entre todo-l'os marti-  
o mais fero cicais,  
[garimosa  
Pro. . ¡que doce, que branda e  
o lado do que fora unha verdá!

F. PORTO REV.

# LETRAS IRMÁNS

## NOTAS MARXINAES

Por EÇA DE QUEIROZ

VII

Tua irmán é agarimosa, e doce, e melga, e casta, e consoladora.

Ti és outiva, inqueda e desdefiosa.

Tua irmán!... Mais se ela non ten o timbre macio da tua voz, o luminoso fulgor dos teus ollos, a cor mimosa dos teus cabelos! Mais se ninguén ten a santa, a purificadora brancura da tua frontel

VIII

Os teus ollos negros son como duas froles do mal. Os seus ollos azues son como duas doces elexias.

E a frol do lotus, a apaixonada frol do lotus, sómente abre-se á dozura inmensa da luz

IX

Oh! miña ben amada! eu xa víñ os teus ollos brillaren dōrosamente, como duas estrelas mouras de melancónia: tiñas ti enton rachado un velo cor d'amapola, que te cobría.

X

Ti estavas na eirexa, curvada e perdida nas tuas orazóns, como unha fidalga (española).

Tiñas un ollar velado e pladoso, un ollar que só d'ecía—*Jesús!*

Mais nos beizos tiñas un cōrdo aveludado e luminoso, como o das froles vermellas metidas na auga; e pol-a líña de soma dos teus beizos corría unha sorrisa, que só d'ecía—*Amor!*

Cicais un día aínda te atope na eirexa.

Sómente, entón, os teus beizos estarán descarados como a fadiga e tímidos como o arrepentimento. Sómente, entón, os teus ollos estarán fixos como os d'os esfameados, e terán aquela luz desexosa e ávida, que teñen as estrelas.

XI

Foi debaixo dos árbores. Voaban as pombas brancas. Morrían arumes de violetas. Os castiñeiros, grandes e concentrados, ouvían rubir a sabla.

Foi estonces cando me dixeches aquelas verbas que me semellaran unha brasfemia que che víña do corazón. Eu fiquei hirto e nulo, como un sacerdote abofeteado pol-o seu Deus!

XII

Eu tiña a faciana cuberta de bágoas: e ela compuña os pregues do seu vestido!

As veces o grande mar abalábase pregulzoso, antramentres qu'as ondas pequenas—jas probes ondas!—choraban encol da areia.

XIII

Houvo un tempo en que andaban exlladas dos lugares humanos as estatuas, que tiñan feito a lenda da beleza antiga. Eran de mármore pálido, e a súa lspidez era doce e meloniosa.

Outr'ora, no tempo dos idillos divinos, cando aínda vivía o gran Pan e había deuses debaixo das estrelas, elas vivían entre os xagos, as danzas, a luz e as froles: brancas, como as escumas ionias; serreas, como a lua de Delos; meloniosas como a voz das sireas.

Agora andavan perseguidas e errantes pol-as frolestas sonoras, e envoltas na consolazón inmensa, que sae do canto das aves, e da frescura das plantas.

As veces un cavaleiro, batallador y-escuro, que voltava das cibdades d'ouro e de coral, atopaba unha das brancas pelegrinas, como unha aparición de languidez e de tristura, evocada pol-a música das ramages. E se él por acaso deixaba mergullar nos seus ollos os risos brancos e aveludados dos ollos de mármore, ó outro día os camisfeiros, os que van de noite cantando a mol caridade das estrelas, atopaban, xunto dos grandes árbores pensadores, un corpo inanimado e lívido, como aquelas criaturas das lendas, a quen as melgas chupan o sangue!

Esta historia é de fai seiscentos anos; é de onte á noite...

(Continuarase).

## Peneirando...

Diario de Orense, dirixido por Francisco Alvarez Novoa, reproduce de cote tod-alas parvadas que o Xalmiño di no A B C centralista.

Pro ¡dirixe Alvarez Novoa o nomeado xornal? ¡Non fol él quen con mais fervenza e xusta xenreira combatiu aquelas célebres campañas de Xalmiño n'as que recomendaba ós labregos galegos a ir a morrer como recuas, ó Brasil?

¡Qué mosca li'habera picado a obrar elsi Novoa?

¡Vivire para verel...

II II II

Gasset, o político sin releve, completamente fracasado, fol desbotado de Ciudad Real.

Alí mangoneou moitos anos. Ao fin déronlle aqueles cidadanos o que falando no senso metafórico poderíamos chamar un couce.

E veu dar a Padrón. O seu criado Pérez, cunheiro redactor de *El Imparcial*, tivo que delxarlle o posto.

Na Mancha, como se ve, van limpandose da roña caclquill.

Os galegos inda seguimos sendo porcos...

¡Padrón..., d'ignominial!

II II II

Maura colocou varios parentes e un filliño nas senadurías vitalicias.

E falaba dos de grifo e vaso.

Non está mal farsante o vello chocho e cursi...

II II II

Cierva de dono do Goberno.

Un Goberno cervista... Coma si dixéramos con cornos. Embestindo contra o roxo... ¡Viva a Hespaña flamenquista!

II II II

Un delegado detivo, por mor das eleicións, a Casimiriño Torres, en Corxo.

Non'o levaron ó manicomio porque él non ten nada de tolo.

Pásase de listo e de vivo. Por iso aquel delegado merece unha cruz laureada.

II II II

¡Qué de parvadas veñen declindo moitos doutos catedráticos da central orredor do pleito da autonomía universitaria!

Pois si os catedráticos pensan d'ese xeito, ¡qué d'estrano ten que o pobo viva tan atrasado?

II II II

O Sr. San Román, n'unha carta que publicou estrautada un xornal da Cruña, chamáballe á política da nosa provincia, política de charca.

O Sr. San Román dou no branco.

II II II

A *Voz da Verdá*, de Lugo, publicou un artigo cheo de gabanzas para Golcochea, no que relouca o entusiasmo porque Morforte-feñ un tan dino repersentante

Golcochea é un cunheiro noxento. E ademais de cunheiro, un cursi sin parella.

Millor dito: sin parella, non, porque Viguriño parece irmán xemeo seu.

¡Qué triste ver prumas galegas esgalladas pol-a adulación!

II II II

Wals, Viguri, orzapistas... ¡qué orfos quedades sin a sombra do difuntillo!

A marcha fúnebre do ocaso dos caclques xa resoa onde queira.

Besada finouse sin facer aquela asamblea rexionalista ortodoxa en Lugo. ¡Qué novo pastor buscará agora o rebaño da morta provincia luguesa?

## Conservatorio nazonal

### do Arte Galego

Xa teñen escomenzado os ensaios da interesante comedia dramática en tres actos e un prólogo de Xaime Quintanilla, que leva por nome «Donosiña».

Fernando Osorio, o notable artista director do Conservatorio, instruye ós alumnos ás súas ordes con verdadeiro entusiasmo

porque ten o convencimento de que «Donosiña» é unha obra que conquerrá un grande éisito.

\*\*\*


No próximo número publicaremos as bases do concurso de obras teatrais aberto pol-a «Irmandade da Fala» de Betanzos.

Trátase realmente d'un concurso de moita importancia, dino das maores gabanzas.

# Lloyd Real Holandés

## Amsterdam

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)



Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios

## GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saídas fixas-regulars da Cruña e Vigo, admitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, intermedia e 3.ª clás.

Pra informes respecto a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó

Axente xeneral da Compañía en España

**D. Raimundo Molina e Couceiro**

**CONSIGNATARIO**

**NA CRUÑA E VIGO.**

## A PROVEEDORA GALLEGA

DE

### XUAN VAZQUEZ PEREIRO

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rúa estreita de San Andrés. — A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? Porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós milllores produtos i-a limpeza mais esquisita.

**PROVADEOS E CONVENCERÉDESIVOS**

## GRAN HOTEL, RESTAURANT E CAFÉ

### "La Perla,"

Director Propietario: **RAMON BARRIO**

Ruas de Juana de Vega, 23 é Fonseca, 3 (toda a manzán)

Hai automóvil e lancha-motora, propiedade do Hotel, ao servizo dos señores viaxeiros

**E o Hotel mellor e mais moderno da Cruña**

Faise cárrago de todas as cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL

DE TODAS CRAS

BARREIRA, 7

FOTOGABADO

A CRUÑA

Teléf. 434

## Os viños e coñás milllores

son os qu'elsporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

## O Anís do Mono

é un einspréndido licore sin rival

## Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros elsportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE E ISCRUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

**José C. Juncosa**

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A CRUÑA

**FRÁBICA MECÁNICA**

:-: DE CALZADO :-:

— DE —

**ANXEL SENRA**

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15  
A CRUÑA**HOTEL CONTINENTAL**Castelar, 8 e Olmos, 28  
O MELLOR SERVIDO

— DE —

**M. Losada Prado**  
A CRUÑA**LA SALUD  
CASA DE BAÑOS**A millor da Cruña  
Avenida de Rubine, 22 (Riazor)**Disponible****Abonos Químicos Mineraes**Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo  
bordelés **ROUCH**Rexenerador **ROSTAM** pra os animaes  
debiles, pra que as galliñas poñan mais hovos,  
etcétera.

Pidanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.<sup>a</sup>—A CRUÑA**VIÑOS FINOS****RIOXA - MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

**WALDO LOSADA - A CRUÑA**

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

**Gran H. Universal**Rúa da Reina (da Raíña), 21—LUGO  
O MÁIS NOVO E O MILLORTen carto de baño moderno. Dispón de telé-  
fono (núm. 116) e de coche da casa pra  
todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**Farmacia Europea**

— DE —

**López Abente**

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un  
dos establecimentos da súa crase  
que mais honran a Galicia. Monta-  
da con arrego ós derradeiros  
adiantos.**SASTRERÍA**

DE

**AMBROSIO GUDE**

RUA REAL, 59-1.º

N-este acreditado establecemento, que conta  
co'a clientela mais elegante da Cruña, fánse  
traxes á medida, uniformes militares e demais  
prendas de vestir.

Todo con arrego á derradeira moda.

**LA MODERNISTA**

GRAN SALÓN DE BARBEIRIA


— DE —

**RAMOSE ACEA**

San Andrés 94, 1.º—A CRUÑA

Establecemento de primeiro orde, dotado de  
estufa de desinfección e todol-os aparatos hi-  
giénicos. Especialidade en lavabos de cabeza,  
locíos e fricíos de todas clases.Nota: N'este establecemento atopará o pú-  
blico un servizo permanente a cárrego dos  
seus propietarios, antigos dependentes das  
máis importantes peluquerías, desta capital.**GRAN FONDA****Las Cuatro Naciones**

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de  
mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes  
reformas.Xántase ben, e os precios están ó alcance de  
todos.**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

*Servicios directo desde o porto da Cruña***LINEA DE HABANA A VERACRUS**Prezo en terceira á Habana.  
VeracrúsPtas. 298'60  
313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA.—Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.